

## Humanización nos espazos pediátricos

O proxecto de Humanización pretende ofrecer aos nenos e nenas e familiares un ambiente de acollida, confort, calidez e protección, que facilite a atención sanitaria, a continuidade educativa, o xogo e entretemento e as relacións persoais. Pretende, ademais, fomentar a colaboración dos pais nos cuidados dos nenos e tamén un maior achegamento e empatía cos profesionais.



O Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela conta con unidades clínicas de referencia autonómica e estatal. A súa misión é prestar a mellor atención clínica posible en base ao coñecemento científico, dentro dunha contorna amable, acolledor e humano, que con carácter integral teña en conta non só ao paciente se non que a súa familia, que forma parte deste proceso.

Por iso dotamos os espazos de mobiliario alegre e acolledor, realizamos actividades lúdicas e de entretemento, de acompañamento, sen esquecernos de que a etapa educativa debe continuar.

Nesta liña, de lograr un **hospital amable** traballamos sen descanso.

### I. ESPAZOS PEDIÁTRICOS

Nestes últimos anos realizouse un esforzo por acondicionar as estancias facéndoas máis confortables para os nenos e nenas e as familias.

- **Salas de espera de UCI infantil, UCI de Neonatos**

Espazos máis confortables e agradables para facer máis levadías as horas de espera para familiares. Incorporación duns novos despachos de billetes na sala de espera da UCI de pediatría e na UCI de neonatos.



- **Sala de mamás de lactantes**

Espazos máis confortables que favorezan a lactación materna.



- **Salas de Urgencias Pediátricas, Sala de preescolares, Sala de extraccións e Sala de Medicina Nuclear**

Con murais e material que facilita o entretemento e fan máis agradable e amena a estancia.

As salas foron dotadas con televisións con canles infantís en emisión permanente (doazón Blu:sens dentro do marco de colaboración coa Fundación Andrea).



- **Sala multiusos**

Destinada á proxección de películas de cinema, sala de concertos, talleres e realización doutras actividades que permiten facer máis levadías as horas no Hospital.



- **Entrada principal da planta de pediátría**

Acceso á escola situada na planta de Pediatría e o corredor da zona de lactantes. Os materiais e medios foron donados pola Fundación Andrea e as pinturas realizadas polos artistas, Martha Azul y Augusto Metzili.



- **Sala de espera en consultas de Pediatría**

Cando se diagnostica a un neno ou nena con diabetes, xeralmente ten que acudir ás consultas unha ou dúas veces por semana, e cada tres ou seis meses cando se estabiliza o tratamento. Créase un novo espazo ?Play Zone? máis amable e acoledor.



- **Sinalización con pictogramas**

En Consultas externas, Urgencias, a Escola de Pediatría e Unidade de Psiquiatría Infanto Xuvenil en colaboración coa Federación de Autismo de Galicia. - Pictogramas: (procedencia: Arasaac <http://catedu.es/arasaac/> licencia: cc (by-nc-sa))



## II. ESCOLA DE PEDIATRÍA DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A actual Escola do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, comeza a funcionar o día 8 de Setembro de 1977 no antigo Hospital Xeral de Galicia.

Actualmente, depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, mediante un convenio coa Consellería de Sanidade, asinado no ano 2004, asume unha das súas principais funcións que consisten en garantir a continuidade da escolaridade dos pacientes ingresados nos servizos de pediatría dos hospitais do Sergas.



A Escola mantense aberta os fins de semana en horario de mañá de 10 a 13 horas, grazas ás actividades programadas pola Cruz Vermella.

A Escola de Pediatría realiza diferentes actividades:

**- Actividades de reforzo académico:**

Os pacientes ingresados en idade escolar obrigatoria poden manter a escolaridade. A actividade está suxeita ao criterio médico, a condición de que non afecte de forma negativa á saúde do paciente.

O persoal da escola mantén un contacto frecuente co titor do neno ingresado, proporcionando o apoio académico necesario para a realización de tarefas, entrega de traballos e mesmo a realización de exames.



**- Actividades de carácter lúdico**

Procuran ofrecer un momento de distracción en colaboración con Fundacións, Asociacións e institucións que propoñen ao longo do ano diferentes actividades e espectáculos.



Actividades	Periodicidad
Magos	Mensual
Paiaos	Semanal
Cumprir desexos	Diario
Visitas de personalidades, famosos, Reis Magos	Ocasional
Conta contos	Ocasional
Biblioteca móbil	Diario
Biblioteca fxja	Diario
Axuda psicolóxica	Diario
Decoración con motivo de festividade e días conmemorativos	Ocasional
Traballo en Ciberaula	Diario
Ludoteca	Diario
Préstamo de ordenadores, tabletas e outro tipo de aparatos electrónicos nas habitacións	Diario
Préstamo de material específico nas habitacións de pacientes illados	Diario
Obradoiro de manualidades	Diario
Apoio logístico con material académico/lúdico en habitacións	Diario
Musicoterapia	Semanal
Globoflexia	Ocasional
Espectáculos de música	Ocasional

Espectáculos de danza	Ocasional
Obradoiro de expresión vocal	Ocasional
Obradoiro de música e movemento	Ocasional
Obradoiro de ritmo	Ocasional
Teatro	Ocasional

- **Actividades de Acompañamento Terapéutico:**

Supoñen un desafoño anímico, unha fonte de entretemento, unha grata compañía coa que compartir aquilo que eles necesiten en alguén que está disposto a escoitar e a brindar un apoio humano necesario en momentos difíciles.

### III. VOLUNTARIADO

O voluntariado colabora cos profesionais facendo máis agradable a estancia dos pacientes no hospital, tendo en conta as circunstancias polas cales están ingresados. A súa actitude positiva, de escoita, empatía e sentido do humor, prudencia e a sensibilidade axudan a que a estancia sexa máis comfortable. O seu labor:

- ten un carácter solidario e altruísta.
- A súa decisión é libremente adoptada e non consecuencia dun deber xurídico ou dunha obrigaón persoal.
- Realízase sen contraprestación económica, non buscando beneficio material algún.
- en ningún caso pode substituír prestacións de traballo ou servizos profesionais remunerado

Non se consideran actividades de voluntariado as realizadas de forma illada e esporádica ou que se presten á marxe das entidades de voluntariado, así como aquelas feitas por razóns familiares, de amizade ou de mera veciñanza.

O Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en coordinación coa xerencia coordina a posta en marcha de diferentes proxectos de intervención:

a) **Voluntariado na Unidade de Psiquiatría Infanto Juvenil**

As actividades a desenvolver céntranse en:

- Apoio no espazo de deberes.
- Psicomotricidade (xogos de brilé, agocho e xogar con eles a xogos de mesa (xedrez, parchís...) así como acompañamento en saídas terapéuticas.
- Os voluntarios asignados ascenden a un total de 8 persoas que acoden en horario de tarde na franxa horaria de 18 a 19:30 horas de luns a venres.



Inaugurada no ano 2012, esta unidade atópase situada na planta de hospitalización do Servizo de Pediatría. Unidade de referencia para Galicia, consta de sete camas e atende a nenos menores de 16 anos que necesitan un seguimento continuo por trastornos mentais agudos e graves.

A unidade ten unha superficie de 260 metros cadrados que se distribúe en dúas habitacións dobres e tres individuais, ademais de diferentes zonas comúns dedicadas a salas de terapia, sala de zona de lecer, comedor, control de enfermería, consulta e zona de servizos.



#### b) **Voluntariado na Escola del Servicio de Pediatría**

As actividades a desenvolver na Escuela céntranse en:

- Apoio académico
- Acompañamento terapéutico.

Mentres se desenvolve a actividade do voluntariado sempre estará presente o persoal da escola, atento a posibles dificultades que poidan xurdir.

Os voluntarios asignados ascenden a un total de 10 persoas que acoden en horario de mañá e tarde na franxa horaria de 10:30 a 13 horas e de 15 a 19:30 de luns a venres.